

**ANUNCIO DO TRIBUNAL PARA A VALORACIÓN DO 2º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN E RESULTADO FINAL POR ORDE DECRECENTE PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PARA A SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DO TITULAR DA PRAZA E CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA, A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN**

En Melide a 2 de novembro de 2023, ás 10.30 horas, reúnense baixo a Presidencia de José Alberto Iglesias Fungueiriño os seguintes integrantes do Tribunal que se constitúe para valorar o 2º exercicio da fase de oposición dos/as aspirantes para a SELECCIÓN DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PARA A SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DO TITULAR DA PRAZA E CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA, A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN

Presidente: José Alberto Iglesias Fungueiriño  
Secretario: Juan Luís González Iglesias  
Vogais: María Teresa Buján Mosquera  
María Yolanda García Fachal  
Joaquín Vázquez Rodríguez



O presidente declara constituído o Tribunal e aberto o acto acórdase proceder a valoración do 2º exercicio da fase de oposición, de carácter obrigatorio e eliminatorio, dos/as aspirantes presentados de acordo co establecido na base 8.2 das bases da convocatoria publicadas no BOP nº 105 do luns 5 de xuño de 2023. O Tribunal á vista das bases da convocatoria formula a seguinte puntuación, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para superalo:

	Nome e Apelidos	PUNTUACIÓN
1.	PATRICIA ABELLEIRA SÁNCHEZ	7,00
2.	FRANCISCO JAVIER NOYA MÉNDEZ	5,00
3.	SUSANA MARÍA ABELLEIRA LENCE	5,50
4.	JUAN ANTONIO MARTÍNEZ RUIBAL	3,25
5.	PATRICIA QUINTÁS RÚA	0

**PROBA DE COÑECEMENTO DO GALEGO**

Os/as aspirantes presentan documento que xustifica a posesión do Celga 4, polo que non é necesaria a realización da proba de galego

**RESULTADO FINAL POR ORDE DECRECENTE DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PARA A SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DO TITULAR DA PRAZA E CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA, A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN**

POSTO	Nome e Apelidos	MÉRITOS	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL
1º	PATRICIA ABELLEIRA SÁNCHEZ	9,00	8,00	7,00	24,00
2º	SUSANA MARÍA ABELLEIRA LENCE	11,00	7,33	5,50	23,83
3º	FRANCISCO JAVIER NOYA MÉNDEZ	8,95	6,67	5,00	20,62



O Tribunal concede un prazo de 2 días hábiles a contar dende a publicación na sede electrónica do Concello de Melide do anuncio da valoración do 2º exercicio da fase de oposición para posibles reclamacións por parte dos aspirantes

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, dispoñendo o presidente que se publique a puntuación obtida no taboleiro de edictos, en sede electrónica e, se procede na páxina web do Concello nos termos das bases de selección, sendo as 13:30 h, do que eu, SECRETARIO, certifico.

O PRESIDENTE

José Alberto Iglesias Fungueiriño

O SECRETARIO

Juan Luís González Iglesias

### **ANEXO**

**SEGUNDO EJERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA  
FUNCIONARIO/A INTERINO/A, ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PARA A SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA  
DO TITULAR DA PRAZA E CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA, A TRAVÉS  
DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

NOME: \_\_\_\_\_

APELIDOS: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

DATA: \_\_\_\_\_

SINATURA: \_\_\_\_\_

#### **ANTECEDENTES.**

**A.-** Nun concello do interior da provincia da Coruña tense tramitado no ano 2008 a preceptiva licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar; composta esta de dúas plantas sobre rasante, planta baixa e planta primeira e a emprazar sobre una parcela de 2.200 m<sup>2</sup>. A parcela sobre a que se pretende levantar a nova edificación está clasificada polo planeamento xeral como solo de núcleo rural. Con data de 29 de agosto de 2008 a xunta de goberno local, en sesión ordinaria, acorda outorgar a licenza solicitada a partires do proxecto presentado e de acordo cos informes técnico e xurídico, respectivamente, e impoñéndose os requisitos legalmente esixibles e que establece o ordenamento xurídico vixente.

**B.-** Agora ben, posteriormente realizase unha revisión do planeamento municipal, aprobándose un novo plan xeral (PXOM), entrando en vigor en data de 30 de xaneiro de 2011. Este novo PXOM mudou a clasificación urbanística da parcela sobre a que se asenta a citada vivenda. Coa nova ordenación urbanística a parcela está clasificada como solo rústico de protección agropecuaria.

#### **FEITOS.**

O propietario da citada vivenda presenta, en data de 5 de abril de 2023, solicitude de informe urbanístico, aos efectos de concretar se a licenza outorgada no ano 2008 segue vixente a día de hoxe, toda vez que as obras autorizadas no seu día están sen rematar. De acordo coa documentación achegada a vivenda presenta o seguinte estado evolutivo de obras:

A cuberta está rematada, o cerramento da vivenda está sen enfuscar, amosando a fabrica de ladrillo á vista. As xanelas de fachada están sen instalar. Xa no referente ao interior da mesma, indícase que a parte da ausencia das xanelas, o 40 % do solado da totalidade da vivenda está sen executar, e que as portas de paso aínda non se colocaron sobre a tabiquería existente. E que, aínda que os teitos como paredes están enlucidos, estes están sen pintar a día de hoxe.

Polo que a vivenda a día de hoxe non reúne as condicións de ser habitada.

**CUESTIÓNS A RESOLVER:**

**A.-** Informe relativo á vixencia da licenza outorgada con data de 29 de agosto de 2008.

Motivar a resposta e tendo en conta que sobre a citada vivenda e ata a data da presente solicitude (abril do exercicio 2023) o concello non ten emitido resolución de caducidade sobre a citada vivenda.

**B.-** Poñámonos no caso de que a vivenda estivese rematada, e que xa en data de 22 de setembro de 2010 a xunta de goberno local resolveu, previa solicitude do interesado, outorgar licenza de primeira ocupación da devandita vivenda.

A tenor da situación exposta no parágrafo anterior e tendo en conta a clasificación actual da parcela, de acordo co planeamento xeral vixente (PXOM/A.D.: 30 xaneiro 2011), contestar as seguintes cuestións:

**B.1.-** De acordo coa situación de partida agora exposta, determinar en que situación legal estaría a día de hoxe a vivenda, de acordo coa lexislación urbanística vixente Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

**B.2.-** O propietario, e invocando a aplicación do artigo 40 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: "Edificacións tradicionais existentes", pretende realizar a día de hoxe as obras de reforma sobre a súa vivenda, sen incrementar a superficie legalmente edificada, e a fin de destinala a un novo uso:

.- residencial/hoteleiro.

Viabilidade da cuestión que aquí se expón e de xeito motivado.